

# MEMORIA DE ACTIVIDADES

## 2023



ACADAR

Asociación de mulleres  
con discapacidade de Galicia



## MEMORIA DE ACTIVIDADES 2023

O presente documento recolle a memoria de actividades desenvolvidas durante o ano 2023 pola Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia, **ACADAR**, sinalando aquelas máis relevantes atendendo ao cumprimento dos fins da entidade.

**ACADAR** agradece a tódalas entidades públicas e/ou privadas, así como ás persoas que día a día ou de xeito puntual colaboraron ca asociación na defensa e promoción dos dereitos das mulleres con discapacidade. De igual maneira, agradece a tódalas mulleres con discapacidade que participaron nas actividades e proxectos levados a cabo pola entidade.

# ÍNDICE

|                                     |    |
|-------------------------------------|----|
| PRESENTACIÓN DA ENTIDADE .....      | 4  |
| OBXECTIVOS ANUAIS .....             | 7  |
| ACTIVIDADES REALIZADAS .....        | 9  |
| APODERAMENTO.....                   | 9  |
| EDUCACIÓN EN IGUALDADE.....         | 16 |
| SEXUALIDADE.....                    | 20 |
| OUTRAS ACTIVIDADES .....            | 21 |
| FERRAMENTAS DE ACADAR .....         | 24 |
| PARTICIPACIÓNS .....                | 27 |
| FINANCIACIÓN .....                  | 30 |
| SUBVENCÍONS .....                   | 30 |
| COLABORACIÓNS.....                  | 32 |
| DOAZÓNS.....                        | 33 |
| ANEXO I. BALANCE DE SITUACIÓN. .... | 34 |
| ANEXO II. CONTA DE RESULTADOS ..... | 35 |

## PRESENTACIÓN DA ENTIDADE

A Asociación de mulleres con discapacidade de Galicia, **ACADAR**, foi constituída o 1 de setembro de 2009 no concello de Santiago de Compostela, por 20 mulleres con discapacidade. Conscientes de que as necesidades específicas das nenas e mulleres con discapacidade non estaban cubertas nin tidas en conta por parte da sociedade actual, puxeron á súa disposición a ferramenta máis axeitada para promover, coordinar e reivindicar a defensa dos dereitos das mulleres de cara a súa plena inclusión en todos os ámbitos da sociedade.

**ACADAR** foi declarada de utilidade pública segundo a Orde de 5 de febreiro de 2020 (DOGA nº 32 de 17 de febreiro de 2020). Está rexistrada no Rexistro Central de Asociacións cun ámbito de actuación autonómico da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza co número 2009/013595-1 (SC); no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Traballo e Benestar co número E-523-71; no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria co número O-633; e nos Concellos de Santiago de Compostela, Ourense, Lugo, Vigo, A Coruña, Ferrol e Narón.

**ACADAR** pertence á Confederación Estatal de Mulleres con Discapacidade (CEMUDIS), e á Federación provincial de A Coruña da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI-CORUÑA), á Federación de Asociacións de COGAMI Lugo e Pontevedra, Federación DISCAFIS-COGAMI Ourense e á Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural (GDR14).

Entre os fins de **ACADAR** destacaremos os seguintes:

1. Defender a dignidade e os dereitos das mulleres con discapacidade, para o seu exercicio en condicións de igualdade real
2. Promover a plena integración escolar, laboral, familiar e social das mulleres con discapacidade
3. Defender o dereito a un xeito de vida e a un entorno social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda muller con discapacidade
4. Promover a lexislación axeitada que mellore a situación do colectivo

5. Participar na orientación, coordinación e impulso do movemento Asociativo no que estea integrado **ACADAR** con criterios de solidariedade
6. Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da muller con discapacidade, e da discapacidade en xeral
7. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á muller nas seguintes idades: infancia, xuventude e terceira idade
8. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas, culturais, educativas e de lecer dirixidas especificamente á muller con discapacidade
9. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de programas de cooperación e desenvolvemento no exterior dirixidos ás mulleres con discapacidade ou en risco de exclusión social
10. Calquera outro, que de xeito directo ou indirecto, poida contribuír ao cumprimento da misión de **ACADAR** ou redundar no beneficio das mulleres con discapacidade

Con **ACADAR**, as promotoras, asociadas e demais persoas integrantes, segundo establecen os seus estatutos, queremos incidir na mellora e capacitación das mulleres con discapacidade nos distintos ámbitos e áreas de participación social.

As áreas de intervención onde está a incidir **ACADAR** son:

- **Emprego.** Polo dereito de acceso ao emprego, á igualdade de oportunidades e non discriminación por motivos de xénero e/ou discapacidade
- **Violencia de xénero.** Dereito das mulleres con discapacidade a vivir en liberdade e con seguridade e a ser tratadas de maneira digna
- **Saúde.** Polo dereito das mulleres con discapacidade a unha saúde pública integral e de calidade
- **Maternidade.** Para facer efectivo e real o dereito das mulleres con discapacidade de Galicia a tomar decisións vencelladas á maternidade e a crianza
- **Sexualidade.** Polo dereito das mulleres e nenas con discapacidade a vivir a súa sexualidade dunha maneira plena, íntegra, libre e satisfactoria
- **Vida Independente.** Dereito das mulleres con discapacidade galegas a dirixir as rendas da súa vida
- **Imaxe social e medios de comunicación.** Referido ao dereito das mulleres con discapacidade galegas a participar en igualdade de condicións na vida



política e social, así como acceder a postos de traballo de responsabilidade e representatividade

O ámbito de actuación de **ACADAR** comprende toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

A súa finalidade é a de ofertar servizos, dirixir actividades e reivindicar os dereitos das mulleres con discapacidade en todos os ámbitos da súa vida, independentemente do lugar onde residan, sempre tendo en conta as necesidades específicas das mulleres residentes no rural, das mulleres con discapacidade máis severa e/ou as que concorren circunstancias en risco ou exclusión social.

A sede social da entidade atópase en Santiago de Compostela na *Rúa Dublín, 3, baixos, 15707*.

As delegacións coas que conta son:

- Lugo: situada en *rúa da Luz, 4, 27002, Lugo*
- Ferrol: situada en *rúa Sánchez Calviño, 56, 15404 Ferrol, A Coruña*
- Ourense: situada en *rúa Recaredo Paz, 1, 32005, Ourense*
- Vigo: situada en *rúa Teixugueiras, 15, 36212 Navia, Pontevedra*

**674 073 092**

**info@acadar.org**

**www.acadar.org**

**www.descubrerealidades.org**



**acadar.org**



**descubrerealidades\_acadar**

## OBXECTIVOS ANUAIS

Os obxectivos da entidade veñen determinados polos fins que se recollen nos estatutos e que fundamentan a existencia de **ACADAR**. Toda actuación que se realiza na entidade, con independencia do seu alcance, vai dirixida a conseguir a finalidade pola cal foi creada.

**ACADAR**, consciente de que a súa capacidade actual dificulta abordar tódolos obxectivos e áreas de actuación, planifica en base a unha serie de principios transversais e de eficiencia os eixos de actuación de cada ano prioritarios, sendo para o ano 2023 os seguintes:

1. Promover actividades para reforzar a autovaloración positiva das mulleres con discapacidade
2. Impulsar o apoderamento a través da participación social activa e dinámica e a formación das mulleres con discapacidade nos distintos estamentos da sociedade, así como fomentar redes de mulleres con discapacidade para promover a súa participación
3. Facilitar o acceso e permanencia das mulleres con discapacidade no mercado laboral
4. Diseñar e difundir ferramentas e material de soporte en materia de apoderamento das mulleres con discapacidade que sirvan como guía de traballo para o persoal que presta servizos directamente ás mulleres e nenas con discapacidade
5. Crear e consolidar grupos de apoio psico-social, baixo a dirección de persoal con formación específica en xénero e discapacidade para desenvolver e fomentar o apoderamento e a autoxestión das mulleres con discapacidade
6. Garantir a formación especializada na transversalidade de xénero e discapacidade ás entidades e profesionais prestadoras de servizos ás nenas, mozas e mulleres con discapacidade a través de programas de formación continua



7. Sensibilizar e formar no uso non sexista e interseccional da linguaxe nos distintos eidos da sociedade
8. Fomentar a promoción da saúde en mulleres con discapacidade.

Para dar cumprimento a estes obxectivos estratéxicos, realízanse unha serie de actividades e proxectos, algúns con carácter de continuidade e outros de carácter máis específico ou puntual.

## ACTIVIDADES REALIZADAS

Durante o ano 2023, ao redor de 1.043 persoas participaron nas diferentes actividades que a entidade levou a cabo, entre as que destacan:

### PROGRAMAS DE COOPERACIÓN

#### SERVIZO DE ATENCIÓN INTEGRAL A MULLERES CON DISCAPACIDADE

A través dos Programas de Cooperación da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, **ACADAR** contou cunha psicóloga e unha traballadora social durante 12 e 9 meses respectivamente nas oficinas de Santiago de Compostela e Ferrol.

Entre as funcións que realizaron destacan: a avaliación das necesidades e demandas das persoas usuarias, deseñando plans individuais de intervención, desenvolvemento, seguimento e avaliación, a atención psicolóxica, o desenvolvemento de accións de prevención e sensibilización para a poboación en xeral, e a xestión da organización e funcionamento interno da entidade.

### APODERAMENTO

#### EMPODERAR PARA DECIDIR (8ª ED.)

*Vigo e Redondela*



*Xullo-Decembro*




*20 mulleres con discapacidade*



Coa colaboración da Deputación de Pontevedra, este proxecto tivo como finalidade promover o apoderamento das mulleres con discapacidade, para facilitar a toma de decisións sobre cada un dos aspectos das súas vidas. Dotouse de ferramentas ás participantes para potenciar a toma de consciencia e ampliar o proceso de

apoderamento en tódalas áreas das súas vidas mediante o enriquecemento de habilidades persoais e de participación.



## APODER(ARTE)

*A Coruña*



*Setembro-Decembro*



*15 mulleres con discapacidade*



Levado a cabo co apoio do Concello de A Coruña, tivo como finalidade fomentar o desenvolvemento e/ou adquisición das habilidades persoais e sociais das mulleres con discapacidade do Concello de A Coruña para a prevención e identificación da violencia sexual. Transversalmente traballáronse aspectos como a promoción de hábitos de vida saudables, o coñecemento e aceptación da propia sexualidade e a sensibilización e concienciación sobre a violencia de xénero e a violencia contra as mulleres con discapacidade.



## RECRÉATE (5ª ED.)

*Santiago de Compostela*

*Abril-xuño*

*10 mulleres con discapacidade*



Levado a cabo grazas ao apoio da Concellaría de Políticas de Igualdade do Concello de Santiago, a través de este proxecto realizáronse obradoiros creativos para a prevención das violencias machistas.

O seu obxectivo principal foi identificar e previr a violencia sexual, acadando outros obxectivos específicos como concienciar, sensibilizar e incidir na promoción da igualdade, a prevención da violencia de xénero e a violencia contra as mulleres con discapacidade, así como coñecer a propia sexualidade.

Leváronse a cabo dous obradoiros temáticos, un obradoiro de autocoñecemento como prevención da violencia sexual e outro adicado á sexualidade consciente.



## EMPREGO E SAÚDE A TRAVÉS DO EMPODERAMENTO (9ª ED.)

Lugo



Xullo-Setembro



20 mulleres con discapacidade



Coa colaboración do Concello de Lugo, a través deste proxecto fomentouse o desenvolvemento e/ou adquisición das habilidades persoais, sociais e prelaborais das mulleres participantes. De igual xeito, promocionouse a adquisición de hábitos de vida saudables, o desenvolvemento dun autoconcepto real e a mellora da autoestima, o fortalecemento de habilidades e destrezas persoais e laborais, a adquisición de ferramentas para a procura de emprego mediante o uso das TIC e a concienciación sobre a seguridade dixital e o bo uso das tecnoloxías.



## ENRÉDATE (5º ED.)

*A Estrada, Ordes, Curtis, Lousame, Santa Comba, Cangas, Melide, Arzúa,  
Camariñas, Santiago de Compostela*

*Xaneiro-Agosto*

*54 mulleres con discapacidade*



Programa levado a cabo grazas o apoio da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade e do Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027 co o obxectivo principal de proporcionar unha atención personalizada e especializada ás mulleres con discapacidade de concellos ZPP, potenciando as súas capacidades e competencias para o desenvolvemento dunha vida autónoma e independente.

Leváronse a cabo diferentes accións como a promoción de actitudes positivas para incrementar a autoestima e definir o autoconcepto; o apoderamento individual e colectivo, buscando recoñecer e dar valor ás propias capacidades e recursos persoais e grupais; o fomento da creación de redes de apoio entre as propias mulleres participantes; fomentouse a igualdade de xénero e a prevención de violencias e promoveuse o coñecemento e ferramentas para o manexo das TIC, entre outras.



### INSCRICIÓNS

Asociación de mulleres con discapacidade de Galicia:

Tel: 674 073 092 ou [info@acadar.org](mailto:info@acadar.org)

## ACTIVADAS. Claves para o empoderamento das mulleres con discapacidade (5ª ED.)<sup>1</sup>

*Catoira, Vigo, Ferrol e Santiago de Compostela*

*Xaneiro-Decembro*

*36 mulleres con discapacidade*



Programa levado a cabo a través da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade con cargos aos fondos do 0,7 % do IRPF, sendo COGAMI a entidade beneficiaria e ACADAR a executante.

A través de este programa prestouse unha atención integral e personalizada a mulleres con discapacidade para, entre outras cuestións: reforzar procesos de apoderamento colectivos e individuais, sobre todo no medio rural, recoñecer e fortalecer capacidades propias e competencias fomentando a autoestima e o autoconcepto, potenciar as habilidades sociais e comunicativas e dar a coñecer distintas ferramentas e recursos de cara a detección e erradicación dos distintos tipos de violencia que viven as mulleres con discapacidade.



<sup>1</sup> Este programa realizouse grazas a colaboración cidadá, marcando a X Solidaria (casa 106 de Fins Sociais na Declaración da Renda), contribuíndo á realización de programas e proxectos para as persoas en risco de exclusión que máis o precisan.

## SERVIZO DE INCLUSIÓN E TRANSICIÓN AO EMPREGO PARA MULLERES CON DISCAPACIDADE<sup>2</sup>

Allariz, O Carballiño, Ourense, Santiago de Compostela e A Coruña

Xaneiro-Decembro

40 mulleres con discapacidade



Co apoio da Consellería de Política Social con cargo aos fondos do 0,7 do IRPF a través de COGAMI como entidade beneficiaria. A través de itinerarios personalizados e adaptados ás necesidades das mulleres participantes, procura promover as súas capacidades persoais, sociais e laborais, mellorando a súa autonomía persoal, a súa participación social e, en definitiva, a súa inclusión social e laboral.



<sup>2</sup> Este programa realizouse grazas a colaboración cidadá, marcando a X Solidaria (casa 106 de Fins Sociais na Declaración da Renda), contribuíndo á realización de programas e proxectos para as persoas en risco de exclusión que máis o precisan.

## EDUCACIÓN EN IGUALDADE

**MOCHILAS LILAS. Programa para a prevención da violencia de xénero (6ª ED.)**

*Vigo, Gondomar e Tui*

*Xuño-Decembro*

*202 estudantes*



Proxecto formativo dirixido ao alumnado de Educación Infantil e Primaria que se leva a cabo grazas ao apoio da Deputación de Pontevedra. Tivo como obxectivo principal erradicar as distintas formas de violencia cara as nenas e mulleres con discapacidade, e, de xeito transversal, mellorar a detección temperá da violencia cara as nenas e mulleres con discapacidade a través da promoción de relacións baseadas no respecto e a igualdade entre o alumnado así como promover e sensibilizar sobre a igualdade de xénero, a igualdade de oportunidades e a prevención da violencia entre o alumnado.



## VIO 7. VER PARA ERRADICAR (9ª ED.)


*Santiago de Compostela, Rianxo e Ortigueira*

*Setembro-December*

*154 estudantes de Formación profesional e Universidade*



Proxecto formativo que conta co apoio da Deputación de Coruña, dirixido ao alumnado de primaria, secundaria, bacharelato, universitario e/ou de formación profesional e que ten como obxectivo detectar e erradicar as distintas formas de violencia cara as mulleres e nenas con discapacidade.





## VIO 7. VER PARA ERRADICAR (9ª ED.)

*Guitiriz, Vilalba e Monforte de Lemos*

*Setembro-Decembro*

*131 estudantes de Educación Secundaria, Bacharelato e FP*



Proxecto formativo dirixido ao alumnado Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato ou Formación profesional e que se leva a cabo co apoio da Deputación de Lugo. A súa finalidade é promover as relacións igualitarias entre o alumnado participante e, de xeito transversal, dar a coñecer e concienciar sobre a violencia de xénero, visibilizar e mudar a imaxe social das persoas en situación de exclusión social, crear conciencia sobre a invisibilización da realidade das mulleres con discapacidade e impulsar o uso dunha linguaxe inclusiva, entre outras.



ACADAR

Asociación de mulleres  
con discapacidade de Galicia

Inscrita no Rexistro Central de Asociacións co nº.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos Sociais co nº.: E-5371. CIF:G70223417

**VIO 7: VER PARA  
ERRADICAR**



**POLA PROMOCIÓN DAS RELACIÓNS  
IGUALITARIAS ENTRE O ALUMNADO  
2023**

607221600  
WWW.ACADAR.ORG INFO@ACADAR.ORG

DEPUTACIÓN DE LUGO ACADAR



## SEXUALIDADE

**DEDALEIRA. Servizo especializado en información e asesoramento afectivo-sexual para persoas con discapacidade e a súa contorna**

*As Pontes, Cabana de Bergantiños, Ribeira, Lugo, Boiro, Monterroso,  
Vilagarcía de Arousa, Ourense, Santiago de Compostela, Boimorto,  
Monforte de Lemos, Bergondo e Pontevedra*



*Xaneiro-Decembro*



*232 persoas con discapacidade*



Un ano máis, e grazas ao apoio da Secretaría Xeral da Igualdade, mantívose e reforzouse o Servizo Dedaleira, orientado á información e asesoramento sexolóxico para persoas con discapacidade e a súa contorna (parellas, familiares e persoal profesional do seu ámbito social, educativo ou institucional).



Ao longo de todo o ano, leváronse a cabo 144 accións formativas e de intervencións, tanto grupais como individuais, das que se beneficiaron 232 persoas de xeito directo.

O Servizo Dedaleira conta con dúas unidades específicas, Unidade Co-Respecto, específica de abordaxe e intervención ante situacións e/ou relacións de desigualdade e Unidade Querelar de prevención, detección e intervención en situacións contra a liberdade e indemnidade sexual.



## OUTRAS ACTIVIDADES

### PROGRAMA DE EMPODERAMENTO E ACTIVACIÓN PARA O EMPREGO DE MULLERES CON DISCAPACIDADE

*Ourense, O Carballiño e Allariz*

*Xaneiro-Decembro*

*85 mulleres con discapacidade*



Desenvólvese en varias Comunidades Autónomas, grazas ao convenio entre a *Confederación Española de Persoas con Discapacidade Física e Orgánica*, COCEMFE, e

Incorpora de Fundación "la Caixa". En Galicia é ACADAR a entidade que acolle á técnica deste Programa.

O obxectivo principal é fomentar o apoderamento e potenciar a inclusión sociolaboral das mulleres con discapacidade a través de accións individuais e obradoiros grupais.



## CATÁLOGO DE RECURSOS PARA A PROTECCIÓN DOS DD.HH DAS MULLERES E NENAS CON DISCAPACIDADE

Un proxecto de CEMUDIS, co aval de COCEMFE, financiado polo Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 – Subvencións 0,7 ano 2022 e cofinanciado pola Fundación ONCE.

O catálogo xorde trala demanda observada por entidades e asociacións sociais, así como das propias mulleres con discapacidade, da existencia dun recurso de información sobre recursos socioeconómicos, laborais, sobre violencia machista, etc. específico para mulleres con discapacidade.

Este traballo tamén está orientado ao traballo cas mulleres e nenas con discapacidade, realizando actividades de formación e sensibilización, tanto presenciais como online, para persoas profesionais e tamén en centros educativos.



# ACADAR

Asociación de mulleres  
con discapacidade de Galicia

Inscrita no Rexistro Central de Asociacións co nº.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos Sociais co nº.: E-5371. CIF:G70223417



**CEMUDIS**  
Confederación Estatal de  
Mulleres con Discapacidade

## CATÁLOGO

Recursos para la protección de los  
Derechos Humanos de las mujeres  
y niñas con discapacidad



COCEMFE



Fundación  
ONCE



Instituto  
MUJERES



## FERRAMENTAS DE ACADAR


### GUÍA VIOLENCIA SEXUAL DIXITAL CARA ÁS NENAS E MULLERES CON DISCAPACIDADE



Guía editada por ACADAR, en colaboración coa Secretaría Xeral da Igualdade, de contido específico para coñecer a violencia dixital sexual en tódalas súas vertentes. Este recurso permite a sensibilización para a prevención, identificación e erradicación deste tipo de violencias.

### INFORME INVESTIGACIÓN. ESTUDO SOBRE A VIOLENCIA SEXUAL DIXITAL EN MULLERES CON DISCAPACIDADE

Informe que recolle os datos obtidos das enquisas realizadas a mulleres con discapacidade galegas co fin de coñecer a súa realidade en relación á violencia sexual dixital, facilitado polo constante aumento do uso das TIC.



## DESCUBRE REALIDADES!



Espazo web que recolle distintos tipos de materiais: gráfico, testemuñal, textual e audiovisual, creando unha exposición virtual onde se reflexa a realidade das mulleres con discapacidade. Pódense visualizar sete testemuñas que reflexan os distintos tipos de violencia que poden vivir as mulleres e nenas con discapacidade.


Tamén se atopan as historias interactivas pertencentes ao proxecto “Que farías ti?” que non deixa de ser outro xeito de amosar a realidade do colectivo.  
[www.descubrerealidades.org](http://www.descubrerealidades.org)

## VENTANA INCLUSIVA E XANELA INCLUSIVA


A linguaxe é a ferramenta principal que utilizamos para comunicarnos, e ten o poder de incluír ou excluír a unha persoa do conxunto. A linguaxe inclusiva e non discriminatoria é aquela que nomea a tódalas persoas, que non discrimina nin ignora a ninguén, con independencia da súa condición de sexo, xénero, relixión, orixe, idade, etc.

**Ventana Inclusiva** é unha aplicación correctora de estilo que detecta o emprego de linguaxe sexista e discriminatoria reformulando e ofrecendo termos non sexistas e inclusivos da lingua castelá. Pola súa

banda, **Xanela Inclusiva** é para a lingua galega. Financiado pola Fundación ONCE, están dispoñibles en castelán e galego para a aplicación *Writer* do paquete ofimático libre *LibreOffice*, e para o procesador de textos *Word* do paquete ofimático *Microsoft Office*.



## GUÍA VIOLENCIA SEXUAL CARA ÁS NENAS E MULLERES CON DISCAPACIDADE



É unha guía editada por **ACADAR** grazas á colaboración da Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e polo Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad.

É específica para a detección e identificación de posibles situacións de abusos sexuais en diversos ámbitos. Esta guía foi editada en galego (versión en papel e dixital) e en castelán.

## GUÍA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES CON DISCAPACIDADE, VER E RECOÑECER OS SINAIS

Esta guía, editada por **ACADAR** grazas ao financiamento da Secretaría Xeral da Igualdade a través do Fondo Social Europeo, xorde como resposta á necesidade de dispor de material que nos permita coñecer, detectar e abordar os diferentes tipos de violencia contras as mulleres con discapacidade.

Contén os sete tipos de violencia, coas súas respectivas definicións, indicadores, e datos estatísticos sobre os mesmos.



*Tódalas ferramentas de **ACADAR** pódense descargar gratuitamente dende a páxina web da entidade [www.acadar.org](http://www.acadar.org).*



# ACADAR

Asociación de mulleres  
con discapacidade de Galicia

Inscrita no Rexistro Central de Asociacións co n.º.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos Sociais co n.º.: E-5371. CIF:G70223417

## PARTICIPACIÓNS

| XANEIRO |    |    |    |    |    |    |
|---------|----|----|----|----|----|----|
| Lu      | Ma | Mé | Xo | Ve | Sá | Do |
|         |    |    |    |    |    | 1  |
| 2       | 3  | 4  | 5  | 6  | 7  | 8  |
| 9       | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16      | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23      | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30      | 31 |    |    |    |    |    |

| FEBREIRO |    |    |    |    |    |    |
|----------|----|----|----|----|----|----|
| Lu       | Ma | Mé | Xo | Ve | Sá | Do |
|          |    | 1  | 2  | 3  | 4  | 5  |
| 6        | 7  | 8  | 9  | 10 | 11 | 12 |
| 13       | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20       | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27       | 28 |    |    |    |    |    |

| MARZO |    |    |    |    |    |    |
|-------|----|----|----|----|----|----|
| Lu    | Ma | Mé | Xo | Ve | Sá | Do |
|       |    | 1  | 2  | 3  | 4  | 5  |
| 6     | 7  | 8  | 9  | 10 | 11 | 12 |
| 13    | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20    | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27    | 28 | 29 | 30 | 31 |    |    |

| ABRIL |    |    |    |    |    |    |
|-------|----|----|----|----|----|----|
| Lu    | Ma | Mé | Xo | Ve | Sá | Do |
|       |    |    |    |    | 1  | 2  |
| 3     | 4  | 5  | 6  | 7  | 8  | 9  |
| 10    | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17    | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24    | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |

| MAIO |    |    |    |    |    |    |
|------|----|----|----|----|----|----|
| Lu   | Ma | Mé | Xo | Ve | Sá | Do |
| 1    | 2  | 3  | 4  | 5  | 6  | 7  |
| 8    | 9  | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15   | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22   | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29   | 30 | 31 |    |    |    |    |

| XUÑO |    |    |    |    |    |    |
|------|----|----|----|----|----|----|
| Lu   | Ma | Mé | Xo | Ve | Sá | Do |
|      |    |    | 1  | 2  | 3  | 4  |
| 5    | 6  | 7  | 8  | 9  | 10 | 11 |
| 12   | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19   | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26   | 27 | 28 | 29 | 30 |    |    |

| XULLO |    |    |    |    |    |    |
|-------|----|----|----|----|----|----|
| Lu    | Ma | Mé | Xo | Ve | Sá | Do |
|       |    |    |    |    | 1  | 2  |
| 3     | 4  | 5  | 6  | 7  | 8  | 9  |
| 10    | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17    | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24    | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |
| 31    |    |    |    |    |    |    |

| AGOSTO |    |    |    |    |    |    |
|--------|----|----|----|----|----|----|
| Lu     | Ma | Mé | Xo | Ve | Sá | Do |
|        |    | 1  | 2  | 3  | 4  | 5  |
| 6      | 7  | 8  | 9  | 10 | 11 | 12 |
| 13     | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20     | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27     | 28 | 29 | 30 | 31 |    |    |

| SETEMBRO |    |    |    |    |    |    |
|----------|----|----|----|----|----|----|
| Lu       | Ma | Mé | Xo | Ve | Sá | Do |
|          |    |    |    | 1  | 2  | 3  |
| 4        | 5  | 6  | 7  | 8  | 9  | 10 |
| 11       | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18       | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25       | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |    |

| OUTUBRO |    |    |    |    |    |    |
|---------|----|----|----|----|----|----|
| Lu      | Ma | Mé | Xo | Ve | Sá | Do |
|         |    |    |    |    |    | 1  |
| 2       | 3  | 4  | 5  | 6  | 7  | 8  |
| 9       | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16      | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23      | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30      | 31 |    |    |    |    |    |

| NOVEMBRO |    |    |    |    |    |    |
|----------|----|----|----|----|----|----|
| Lu       | Ma | Mé | Xo | Ve | Sá | Do |
|          |    | 1  | 2  | 3  | 4  | 5  |
| 6        | 7  | 8  | 9  | 10 | 11 | 12 |
| 13       | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20       | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27       | 28 | 29 | 30 |    |    |    |

| DECEMBRO |    |    |    |    |    |    |
|----------|----|----|----|----|----|----|
| Lu       | Ma | Mé | Xo | Ve | Sá | Do |
|          |    |    |    | 1  | 2  | 3  |
| 4        | 5  | 6  | 7  | 8  | 9  | 10 |
| 11       | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18       | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25       | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |

- 11 de xaneiro, Lugo: Participación na campaña de reciclaxe Reciclos
- 25 de xaneiro, Santiago de Compostela: Participación no Consello Galego das Mulleres
- 3 de febreiro, online: Xunta Directiva de ACADAR
- 8 de febreiro, Santiago de Compostela: Reunión coa Secretaría Xeral da Igualdade
- 23 de febreiro, Monforte de Lemos: Charla para a asociación FEMFORTE
- 8 de marzo, diferentes localidades: Actos organizados en diversas cidades con motivo do 8M
- 9 de marzo: Entrevista en Radio Arzúa
- 13 de marzo, Arzúa: Participación no Ciclo de Encontros Mulleres, Saúde, Benestar coa charla *A realidade das mulleres con discapacidade*
- 24 de marzo, Santiago de Compostela: Participación na reunión do Consello Galego das Mulleres
- 18 de abril, Santiago de Compostela: Intervención no Parlamento Galego
- 25 de abril, online: Participación no cine social da asociación DOA saúde mental
- 28 de abril, Santiago de Compostela: Visita institucional do PSOE ás oficinas da sede de ACADAR
- 5 de maio, online: Xunta directiva de ACADAR
- 8 de maio, Santiago de Compostela: Asistencia ao “Almorzo con Borja Vereá” do PP
- 23 de maio, Santiago de Compostela: Participación no Pleno do Consello Galego das Mulleres
- 8 de xuño, online: Asemblea de ACADAR
- 13 de xuño, A Coruña: Participación na Xornada *“Igualdade, diversidade e violencia no traballo: actualidade e futuro”*
- 10 de xullo, Santiago de Compostela: Participación na Comisión de medallas Emilia Pardo Bazán
- 5 de setembro, Santiago de Compostela: Reunión coa Secretaría Xeral da Igualdade
- 24 de setembro, A Coruña: Participación na Carreira da muller en A Coruña
- 20 de outubro, online: Xunta Directiva de ACADAR
- 1 ao 15 de novembro, Ortigueira: Exposición fotográfica sobre violencia sexual no Concello de Ortigueira
- 2 de novembro, Ortigueira: Presentación da exposición fotográfica sobre violencia sexual
- 14 de novembro, Santiago de Compostela: Participación no Foro de accesibilidade do Concello de Santiago de Compostela



ACADAR

Asociación de mulleres  
con discapacidade de Galicia

- 17 de novembro ao 4 de decembro, Pontedeume: Exposición fotográfica sobre violencia sexual no Concello de Pontedeume
- 17 de novembro, Pontedeume: Presentación da exposición fotográfica sobre violencia sexual
- 24 ao 26 de novembro, León: Participación no *VI Foro social de Mujeres y niñas con discapacidade* do CERMI mujeres
- 13 de decembro: Participación na Comisión de corresponsabilidade do Consello Galego das Mulleres

## FINANCIACIÓN

### COTAS DE PERSOAS SOCIAS

Actualmente, a entidade conta con 144 persoas socias (138 mulleres e 6 homes). Do total, 121 son socias de dereito<sup>3</sup> e 23 son persoas socias colaboradoras<sup>4</sup>: 17 mulleres e 6 homes.

### SUBVENCIONES

#### CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración coas entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022
- Subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes, e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas, no ano 2022

---

<sup>3</sup> Socias de dereito: 1. Mulleres con discapacidade maiores de idade e con capacidade de obrar. 2. Mulleres con discapacidade menores de idade, non emancipadas, a partir dos 14 anos, previo consentimento da nai/pai ou titora/titor. 3. Nais/pais/persoas titoras ou representantes legais das mulleres con discapacidade incapacitadas xudicialmente ou menores de 14 anos de idade. 4. Socias de dereito avaladas: Mulleres sen discapacidade que pola súa traxectoria acrediten unha incidencia importante na consecución do benestar das mulleres con discapacidade, que terá que vir avalada por 10 socias de ACADAR.

<sup>4</sup> Socias colaboradoras: Calquera persoa, independentemente do seu sexo, así como as persoas xurídicas (empresas, asociacións, corporacións, fundacións, concellos, etc.) que desexen colaborar de xeito desinteresado, mediante achegas económicas ou co seu compromiso de participación.



- Axudas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres, e se convocan para o ano 2023
- Subvencións destinadas ao fomento da contratación por parte de entidades sen ánimo de lucro de mulleres que sofren violencia de xénero, financiadas con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020 como parte da resposta da UE á pandemia da COVID-19, e se convocan para o ano 2022
- Subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2023

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas xestionado pola consellería con competencias en materia de política social da Xunta de Galicia

## DEPUTACIÓN DA CORUÑA

- Subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o mantemento en políticas de xénero no ano 2023

## DEPUTACIÓN DE LUGO

- Subvención nominativa

## DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

- Subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social, para o desenvolvemento, na provincia de Pontevedra, de actuacións de atención especializada dirixida a persoas en situación de especial vulnerabilidade, para o ano 2023



- Subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de Lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero, para o ano 2023

## CONCELLO DE CORUÑA

- Subvencións para entidades sociais sen ánimo de lucro destinadas a actividades ou proxectos de interese social en materia de igualdade e diversidade no termo municipal de A Coruña

## CONCELLO DE LUGO

- Subvención nominativa

## CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- Subvencións para o fomento de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e de persoas do colectivo Lésbico, Gay, Transexual, Bisexual, Queer e Intersexual (LGTBQI) e de prevención e loita contra as violencias machistas, para o ano 2023, da Concellaría de Políticas de Igualdade do Concello de Santiago

## COLABORACIÓN

### CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE, a través da SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE

- Convenio de colaboración para o mantemento do servizo Dedaleira, especializado en información e asesoramento afectivo-sexual para as persoas con discapacidade e a súa contorna para o ano 2023
- Convenio de colaboración para a realización dun recurso para a sensibilización e prevención da violencia sexual dixital nas mulleres e nenas con discapacidade



## DOAZÓNS

**MOTORPRESS IBÉRICA S.A.U:** doazón de 1.558 € o 2 de decembro polo recadado a través dos dorsais solidarios na Carrera de la Mujer España levada a cabo en A Coruña

**Z ZURICH FOUNDATION:** doazón de 5.116 € o día 24 de setembro

**LANDRA SISTEMAS S.L:** doazón de 1.500 € o día 12 de decembro



ACADAR

Asociación de mulleres  
con discapacidade de Galicia

Inscrita no Rexistro Central de Asociacións co nº.:2009/013595-1 (SC); inscrita no Rexistro Único de Servizos Sociais co nº.: E-5371. CIF:G70223417

## ANEXO I. BALANCE DE SITUACIÓN.



ACADAR

Asociación de mulleres  
con discapacidade de Galicia

## ANEXO II. CONTA DE RESULTADOS